



PLATAFORMA DE MELLORA DO ADESTRADOR GALEGO

2018 – 2019

Coa vista posta xa en 2019, a Escola de Adestradores da Federación Galega reactiva unha iniciativa pensando en colaborar de maneira máis directa coa formación do adestrador novo en Galicia. Mediante a “Plataforma de Mellora do Adestrador Galego”, artículase unha ferramenta baseada no seguimento e titorización dun grupo de adestradores novos que realizan a diario o seu labor en distintos clubs galegos.

Baixo a coordinación de CHETE PAZO, adestrador superior e con ampla experiencia na docencia e xestión de entidades deportivas, así como coa colaboración indirecta doutros técnicos vinculados á nosa Escola de Adestradores, pretendemos activar unha plataforma de comunicación bidireccional permanente. Este grupo estará integrado por un número máximo de 16 adestradores/ as cuns requisitos de pertenza e que nunha primeira etapa (Xaneiro a Xuño, 2019) ofrecerá as pautas iniciais polos que se pretende continuar en próximas tempadas.

REQUISITOS DE ADMISIÓN

- Homes ou mulleres, nados en 1988 ou posteriormente, e con dezaoito anos cumpridos a data 1/01/2019.
- Estar en posesión polo menos do título de Adestrador Nivel 2 federativo ou do Ciclo Inicial de Grao Medio, obtido en Galicia.
- Ter licenza como adestrador o últimas tres tempadas nalgún club adscrito á Federación Galega.



- Os candidatos deben dirixir unha breve recensión da súa traxectoria como adestrador no últimas tres tempadas (cubrir a folia de preinscrición existente) así como os equipos nos que está integrado nesta 2018/2019. Tamén debe referir as actividades formativas presenciais ás que acudiu desde 2015 ata agora.
- Debe remitir a mesma antes do 10/Decembro ao correo adestradores@fegaba.com. Ese será o prazo límite para a recepción das solicitudes.

DINAMICA DE FUNCIONAMENTO

- Titorización a cargo do Coordinador da Plataforma con accións puntuais doutros técnicos da Escola de Adestradores en materias relacionadas con Formación- Adestramento- Táctica- Dirección.
- O contacto entre titor e adestrador- alumno establecerase: ou Vía Mail ou vía Skype en base a contactos periódicos personalizados e regulados polo Coordinador permitindo a ambas as partes unha comunicación fluída e necesaria para valorar a evolución do adestrador e asesorarlle no que precise.
- “Momentos de Impacto”: mediante catro encontros presenciais durante a tempada con todo o grupo, buscando unha optimización da actividade e cun guiión de contidos para o devandito encontro. Buscaranse datas adecuadas coa maior compatibilidade sobre as obrigacións deportivas de cada adestrador.

CONDICIÓN DE PERTENZA



- A elección definitiva dos integrantes corresponderá ao Área Deportiva FGB en base á súa traxectoria recente, referencias e calidades dos candidatos que se axusten ao perfil de técnicos que se pretende potenciar.
- Crearase un catálogo de condicións aceptado polos técnicos pertencentes e de obrigado cumprimento. Na esencia desta plataforma radica a ambición, a vocación, as inquietudes e o respecto propio da nosa profesión.

PROCESO DE REVISIÓN

- A resposta e evolución dos integrantes revisarase periodicamente por parte do Coordinador, podendo substituírse aos que as súas expectativas, capacidades ou interese non sexan acordes co obxectivo do proxecto, dando entrada a novos alumnos.
- Idéntico procedemento seguirase ao finalizar a presente tempada valorando a idoneidade de todos os integrantes e obxectivos alcanzados.